

NOTA DE PRENSA

Tamén se desenvolverá un curso sobre os pasos para abrir unha consulta de psicoloxía

O Colexio de Psicoloxía promove a formación na detección, a avaliación e a intervención en acoso escolar

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2016.- Mañá sábado 1 de outubro, o recoñecido experto en bullying e cyberbullying José María Avilés Martínez impartirá un obradoiro sobre a intervención en casos de acoso escolar na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Esta actividade está organizada pola Sección de Psicoloxía Educativa, dirixida a psicólogos e psicólogas que traballan coa comunidade educativa e que poden atoparse cunha problemática tan grave como é o acoso escolar.

O obxectivo deste obradoiro é propoñer desde un punto de vista práctico, as diferentes tarefas necesarias na comunidade educativa para abordar o fenómeno do maltrato entre iguais de forma preventiva e tamén a nivel de intervención co alumnado. Ao longo da xornada haberá ocasión de afondar no emprego de protocolos de análise do fenómeno do acoso, de propor diferentes métodos de detección, de avaliación e de medición do maltrato entre iguais, así como de analizar accións dirixidas á prevención. Rematarase cunha proposta concreta de intervención que implica tanto á vítima como á persoa agresora e tamén ás persoas espectadoras que presencian o acoso.

José María Avilés Martínez é doutor en Psicoloxía e autor de numerosas publicacións sobre o *bullying*, ademais de xefe do departamento de orientación do IES Parquesol de Valladolid. Tamén é profesor asociado no departamento de Psicoloxía da Facultade de Educación e Traballo Social da Universidade de Valladolid.

Como montar unha consulta

O mesmo sábado 1 de outubro, Cristina Veira Ramos, psicóloga clínica e codirectora do gabinete Andainas (A Coruña), dirixirá na sede do Colexio en Santiago de Compostela un curso destinado aos psicólogos e psicólogas que estean considerando ou comezando unha nova etapa de emprendemento abrindo a súa propia consulta de psicoloxía.

No curso "como montar unha consulta de psicoloxía" trataranse temas legais vinculados ao inicio de actividade, requisitos recomendable, o material e o local necesario e a importancia dunha boa política de marketing. Ademais responderá a todas as preguntas que propoña o alumnado fomentando que o curso supoña un punto de encontro para emprendedores e emprendedoras no noso ámbito e así as persoas asistentes poidan intercambiar ideas e facer contactos para posibles colaboracións futuras.

A actividade formativa enmárcase dentro da política da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG de responder e apoiar aos membros da Sección e aos colexiados e colexiadas que traballen no ámbito privado nos inicios da súa actividade profesional e nos cambios que se dispoñan a facer dentro da mesma.

Saúdos,

Se desexas **ampliar a información ou para solicitar entrevistas**, contacta co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:
981 534 049 / 699 908 968 / comunicacion@copgalicia.gal